

DOMINGO
24

XANEIRO 2016
11.00 e 12.30 h

PEQUEÑA MAX

ARENA EN LOS BOLSILLOS

Duración: 30'

“Cando o universo dos adultos fíxose incomprensible, un pequeno mundo creceu no meu interior. Eu fixeno real, a miña imaxinación fixo o resto. Até aquel día en que apareciches ti, especial, único, invisible.”

PEQUENA MAX fálanos da marabillosa capacidade da infancia de crear e recrear mundos inventados e amigos imaxinados, onde todo é posible, sen fronteira entre o real e o imaxinario, e a valentía que supón ser “diferente” nesta sociedade.

Baixo o apaixonante estudo da figura do amigo imaxinario, o espectáculo ábrenos a porta a un mundo interior. Somos convidados a un ensaio de vida, un refuxio ocupado por dous amigos que se acompañan no descubrimento das súas emocións.

A liberdade de verse reflectido nun espello onde poder ser outro sen deixar de ser un mesmo. Puro teatro.

Autor Jokin Oregi e Elisa Vargas

Dirección e Adaptación Elisa Vargas



VENDA DE ENTRADAS E ABONOS

Entrada: **6€** / abono 3 familiar: **15€**

(inclúe como mínimo a un adulto e un menor)

Os menores de 3 anos que non ocupen asento non pagan entrada.

Capacidade reducida

DESPACHO CENTRAL DE BILLETES DA PRAZA DE OURENSE

De luns a venres, agás festivos,
de 9.30 a 13.00 e de 16.30 a 19.30 h

(só pago en efectivo)

DESPACHO DE BILLETES DO ÁGORA

Aberto só os días de función, desde unha hora antes

(só se quedan entradas dispoñibles)

TELEVENDA: 902 044 226

(Luns a venres de 9 a 22 h, sábados de 14 a 22 h e domingos de 16 a 21 h)

www.ticketea.com



+ info

www.coruna.es/cultura



Podes seguir a programación cultural do concello en facebook:
www.facebook.com/CulturaCoruna



BOOB

escena

PROGRAMA PRIMAVERA 2016



ÁGORA

Espectáculos para público de 1 a 3 anos



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA



DOMINGO

14

FEBREIRO 2016
11.00 e 12.30 h



BITELS PARA BEBÉS

PETITA MAMALUGA

Duración: 35'

Catro músicos en movemento (violín, clarinete, violoncelo e percusións) e unha bailarina convidanos a participar dun cálido e emocionante homenaxe a The Beatles.

Unha proposta visual e sonora onde nenos e adultos gozan dunha selección de cancións con sofisticados arranxos, interpretadas por músicos de contrastada traxectoria.

Todo envolvido por unha escenografía suxestiva, xogos con vídeos interactivos e a participación do público con instrumentos de percusión.

Adultos e nenos están convidados a participar activamente do espectáculo. Os nenos poden, mesmo, entrar libremente ao espazo escénico e interactuar cos intérpretes.

Dirección artística: Albert Vilà i Eva Vilamitjana

Intérpretes: Oriol Aymat (violoncello), Carol Duran (violí),

Jose Aladid (clarinete e saxo soprano),

Albert Vilà (percusion), Eva Vilamitjana (danza)

DOMINGO

13

MARZO 2016
11.00 e 12.30 h



DOMINGO

17

ABRIL 2016
11.00 e 12.30 h



EL MUNDO EN TUS MANOS

EXPERIMENTADANZA

Duración: 45'

Tres personaxes, tres adultos xogando a ser nenos que crean un mundo imaxinario a través das mans, as mans que tocan, que soñan, que acariñan, que bailan e que constrúen un mundo a través dun tendal da roupa que se converte nun lugar máxico. Así os intérpretes descubren a importancia das mans e da conexión coa nosa natureza. O catro elementos, terra, aire, mar e auga como fío condutor.

Dirección, coreografía e interpretación: Carlota perez

Interpretación musical: Jenni Raunen e Andres Freitas

Audiovisuais: Paula Rodriguez

DULCE DE LECHE

ESCENA MIRIÑAQUE

Duración: 40'

Palabras sinxelas, cristalinas e situacións transparentes. É unha peza fragmentaria, constituída de secuencias ás veces dialogadas, ás veces silenciosas. Xestos comúns e sen sentido común.

Doce de leite é sentir, gustar, cheirar, ver e escoitar. Tamén cantamos, bailamos imaxes, poesías e músicas, xogamos historias. Achegámonos aos nenos e ao seu mundo sensorial. Ingredientes: Un pouco de leite, un pouco de vainilla, azucre e mel. Pero tamén necesitamos dúas bailarinas-actrices, atrezzo e cartel.

Dirección e creación: Blanca del Barrio

Intérpretes: Noelia Fernández e Esther Aja

DOMINGO

8

MAIO 2016
11.00 e 12.30 h



MARTES

17

MAIO 2016
11.00 e 12.30 h



BB Circus

ASACOCIRCO

Duración: 45'

En BB CIRCUS podes encontrar as cousas mais inverosímiles, como un xigantesco peixe pallaso teledirixido que voa por cima do público, pompas de xabón xigantes, a danza das ondas do mar e moitas cousas mais.

BB Circus é a historia do soño dun neno. O pequeno Martinho esta crecendo e descubrindo as pequenas posibilidades que van aparecendo no seu mundo. Aprende brincando, perfeccionando as súas piruetas acrobáticas e até vai para a escola camiñando sobre as súas máns. Martin baila casas pompas de xabón, fai malabarismos con todo tipo de obxectos e gosta de observar a natureza. Sorpréndese con o crecemento das flores e brinca con os animais que atopa no seu camiño, como Rufino, un paxaro que fala e faz descubrir nel o sentido da amizade.

“BB Circus” é un espectáculo no que o novo circo e a musica ao vivo conseguen mergullar aos máis miúdos e ás súas familias num mundo máxico.

Dirección: Juan Moredo

Intérpretes: Sérxio Crespo Gómez, Joao Alvim e Araujo

e Miriam Crespo Gómez

XENTE MIÚDA MOITA FARTURA

PABLO DÍAZ

Duración: 40'

O universo en que se move este Xente miúda, moita fartura é de pequeno tamaño, como a xente á que vai dedicado. Fala das cousas máis próximas á vida d@s pequex@s, como os insectos, recoller os xoguetes, as cremas de verduras, ou celebrar en galego un aniversario.

Despois de **Tic Tac** (2010) e de **Toc Toc** (Premio ao mellor disco infantil de 2014), este é o terceiro traballo de Pablo Díaz para nenos e nenos.

Os músicos deste traballo son: Carmen Rey, Tito Calviño, Olga Kirk, Xabier Díaz e Pablo Díaz.